

Que é eTwinning?



Desde a súa creación en 2005, eTwinning converteuse na maior comunidade europea de docentes e centros escolares. O obxectivo de eTwinning é promover e facilitar o contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesorado e alumnado dos países que participan en eTwinning, a través das TIC. Ademais de ofrecer oportunidades de interacción e formación, docentes e alumnos de dous centros escolares de distintos países europeos poden desenvolver proxectos de colaboración a través de Internet sobre calquera tema acordado polos fundadores.

O programa *eTwinning* é unha iniciativa da Comisión Europea que comezou no ano 2005 como unha parte fundamental do programa *eLearning*. En 2007 intégrase no Programa de Aprendizaxe Permanente. É unha acción descentralizada e, polo tanto, non necesariamente coordinada polas Axencias Nacionais. En xaneiro de 2014 eTwinning pasou a formar parte de Erasmus+, o programa da Unión Europea en materia de educación, formación, xuventude e deporte. eTwinning adquiriu así un papel máis destacado do que tivera, convertíndose na plataforma online de referencia para a acción KA2 (Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas). A partir da convocatoria Erasmus+ 2019, eTwinning adquire aínda máis relevancia xa que aparece nos criterios de avaliación das candidaturas da acción KA2.

eTwinning está dirixido a todos os niveis educativos anteriores á Universidade. Todas as áreas, materias e familias profesionais de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, incluíndo Formación Profesional e escolas de réxime especial, teñen cabida en eTwinning. Os idiomas de traballo son aqueles que os socios desexen utilizar, entre eles, o español, cuxo uso medra día a día en Europa.

35 é o número de países de pleno dereito que forman parte de eTwinning: Austria, Bélxica, Bosnia e Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Chipre, República Checa, Dinamarca, Estonia, Finlandia, Francia, Alemaña, Grecia, Hungría, Islandia, Irlanda, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Macedonia do Norte, Noruega, Polonia, Portugal, Rumanía, Serbia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Suecia e Turquía.

En marzo de 2013, eTwinning ampliouse a países veciños, a raíz da Política de Veciñanza Europea que se desenvolveu en 2004 e ten como obxectivo

profundar nas relacións entre países da Unión Europea e limítrofes ou próximos, os nosos «veciños». Esta extensión coñécese co nome de eTwinning Neighbouring e intégrana 8 países: Armenia, Azerbaiyán, Georgia, Jordania, Líbano, República de Moldavia, Ucraia e Túnez.

A coordinación de eTwinning en Europa lévaa o Servizo Central de Apoio, ubicado en Bruxelas (portal do Servizo Central de Apoio, <https://school-education.ec.europa.eu/etwinning>) En cada país membro a coordinación lévaa o Servizo Nacional de Apoio (SNA). No caso de España, o SNA sitúase no Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF) do Ministerio de Educación e Formación Profesional (portal do Servizo Nacional de Apoio: <http://www.etwinning.es>). Cada Comunidade Autónoma conta cun representante eTwinning. Pica [aquí](#) para atopar o listado completo de responsables eTwinning das Comunidades Autónomas.

Para rexistrarte en eTwinning, diríxete a calquera dos dous portais
(europeo: <https://school-education.ec.europa.eu> ,
nacional: <http://www.etwinning.es>)

Para dúbidas e consultas sobre
eTwinning: asistencia.etwinning@educacion.gob.es

Pulsa [aquí](#) para obter máis información.